

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, ao través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, e da súa vicevoceira, ao abeiro do recollido no artigo 16o do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa á **necesidade de incrementar o persoal que atende o Museo das Peregrinacións e de Santiago e a manter unhas condicións laborais dignas**.

### Exposición de motivos

O Museo das Peregrinacións e de Santiago coñeceu hai escasos días o traslado das súas dependencias da rúa de San Miguel ao seu novo emprazamento, no antigo e rehabilitado edificio do Banco de España na Praza de Praterías da cidade xacobeá.

O Museo conta con cinco andares e unha afluencia de público masiva. Trátase dunha instalación moi ampla e que precisa do persoal suficiente para que se poda garantir o traballo que debe desenvolver un Museo destas características. Non obstante, e a pesar do traslado a unhas instalacións museísticas maiores, o persoal que realiza funcións de vixilancia de salas redúcese a 9 persoas, repartidas en dúas quendas. Con esta situación a valiosa colección deste Museo non se atopa debidamente protexida, e a atención ao público non pode ser axeitada.

AGE denuncia que a Consellería de Educación e Cultura incumpriu os prazos correspondentes na implantación do novo horario laboral, e procedeu a impoñer cambios substanciais no mesmo, sen atender ao principio de negociación, sen considerar o necesario descanso do persoal.

Semella que o único e indisimulado desexo da Consellería é ter o Museo aberto cantas máis horas mellor, onde a cantidade vai en detrimento da calidade e do respecto das condicións laborais do persoal do Museo.

Somos sabedores de que as normativas regresivas impostas polos gobernos de Rajoy e de Feijóo permiten que se produzan situacións totalmente degradantes para os traballadores e traballadoras da administración pública, como non dispoñer de ningún fin de semana de libranza, traballar cáseque todos os festivos, e mesmo non poder dispoñer dos días de asuntos propios por necesidades de servizo. Isto é o que acontece coas persoas que traballan no *Museo das Peregrinación e de Santiago*. Por iso, cómpre que esta comisión adopte as medidas oportunas para restablecer a dignidade e o respecto que debe imperar nas condicións laborais do persoal que desenvolve as súas tarefas nun rexime -de explotación- que impide de forma absoluta a conciliación laboral e persoal.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar o cadro de persoal do Museo para garantir unha correcta atención ao público e as tarefas de vixilancia.
2. Establecer un marco de condicións laborais dignas, que respecte os tempos de libranza e a conciliación laboral e persoal.

En Compostela, a 23 de novembro do 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**



**Ramón Vázquez Díaz na data 23/11/2015 17:28:21**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 23/11/2015 17:28:32**

**Yolanda Díaz Pérez na data 23/11/2015 17:28:41**